A Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, establece, no seu artigo 20, que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de educación primaria será continua e global e que terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A súa modificación pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, afectou, entre outros aspectos, a estrutura curricular de educación primaria e a propia avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. O Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, dispón, no seu artigo 12, determinados aspectos relacionados coa avaliación, dos cales destaca que serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, dispón que na avaliación deberá terse en conta o grao de dominio das competencias. A avaliación considérase integrada no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción das medidas

de atención á diversidade.

Avaliaranse todos os elementos que constitúen o proceso de ensino-aprendizaxe (programación, metodoloxía utilizada, materiais, instalacións, alumnado, docente, sistema de avaliación...), aínda que é imprescindible ter en conta os obxectivos e contidos a desenvolver, contextualizados no centro. Utilizaremos os criterios de avaliación como indicadores do cumprimento dos obxectivos e contidos por parte dos alumnos/as no proceso de aprendizaxe. A valoración do grado en que os alumnos/as van asimilando os contidos pode constituírse nunha boa referencia sobre o desenvolvemento do proceso de ensino, aínda que non debe ser o único medio de valoración.

Avaliaremos nos seguintes momentos:

- Avaliación inicial. Ao principio de curso para ter un coñecemento preciso do nivel do noso alumnado respecto dos contidos a desenvolver (coñecementos previos).
- Avaliación continua e formativa. Ao longo de todas as unidades, avaliarase durante o seu desenvolvemento, para ver se todo sae segundo o programado; en caso contrario, varialo no posible. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Avaliación final. Ao final das UD avaliaremos todo o proceso tendo en conta os resultados da avaliación inicial, os obxectivos e a avaliación final en función dos criterios de avaliación.

Parte da información que se terá en conta para emitir unha cualificación final será cualitativa e rexistrarse por medio de escalas observación ou valoración e listas de control, atendendo a conceptos, procedementos e actitudes. Tamén se realizará unha avaliación cuantitativa (obxectiva) por medio de exames.

	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula. • Caderno de clase do alumno/a • Probas de avaliación: escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas) • Traballos específicos. • Resolución de exercicios e problemas • Actividades de expresión escrita. • Actividades interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación do alumno/a e intervencións na aula. • Probas orais individuais. • Lecturas expresivas • Preparación en grupo en actividades colectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escalas. • Rúbricas. • Listas de control. • Fichas de rexistro individual.

9. DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial e todo o proceso de avaliación (de diagnóstico , formativo e sumativo) convértense nun proceso continuo onde a avaliación é unha ferramenta e unha actividade máis do aula, integrada no resto de procesos.

Ao comezo do curso realízase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta os informes individualizados do curso anterior, as necesidades atopadas, entrevistas familia/profesorado, sociogramas...

Isto, facilitará a toma de decisións relativas ao currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumno/-a.

Deseñaranse diferentes probas para avaliar: comprensión/expresión, cálculo, números, lóxico-matemática, procesos cognitivos e perceptivos,

lateralidade, orientación e estruturación espacial, estilo de aprendizaxe, relación social, escritura, lectura, ditado, vocabulario...

Estas **probos específicas** son instrumentos:

- *Cualitativos*: observación directa e sistemática (xogos, diálogo, fichas, comportamento...), análise de producións, observación de logros, entrevistas, avaliación etapa anterior...
- *Cuantitativos*: probos orais e escritas.

No caso de incorporación tardía ao grupo, faránselle o mesmo tipo de probos, modificadas nalgún caso segundo as necesidades do alumno/a, mantendo as igualdade de condicións que os demais.

Como consecuencia do resultado da avaliación inicial adoptaranse as medidas pertinentes de apoio e recuperación para os alumnos/-as. Esta avaliación é un punto de partida, **os resultados non son una nota para cualificar ao alumno/a**, senón que, servirán como instrumento de diagnóstico para unha posterior intervención.

Así, os obxectivos son :

- Detectar as características do alumnado ao comezar .
- Saber que alumnado ten dificultades de aprendizaxe dende o principio de curso e cales son as súas carencias.
- Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos para implicalas no proceso educativo.

Tamén haberá unha avaliación inicial permanente antes de cada proposta didáctica. Desta forma coñeceremos a situación do neno/-a respecto ó seu proceso de aprendizaxe para facilitalo respectando os seus ritmos, as súas capacidades e o desenvolvemento das súas intelixencias e competencias e este proceso terá consecuencias nas decisións que tomaremos sobre o neno/-a , como na actividade que se estea propoñendo ou realizando en cada momento para adaptala ás súas capacidades.

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Desenvolver unha programación didáctica aberta, flexible e adaptada á realidade de cada momento, con propostas metodolóxicas activas e participativas, e baseada en competencias, require de ferramentas que permitan observar a evolución do alumnado nos seus logros educativos. Para poder sinalar que saberes e faceres teñen lugar e cales son necesarios introducir en cada momento para completar o currículo académico do noso alumnado, así como para poder cualificar o seu nivel de desenvolvemento, tendo presente que o obxecto da avaliación será:

- Valorar o nivel de progreso acadado polo alumnado en: desenvolvemento das competencias clave e grao de dominio dos coñecementos adquiridos.
- Establecer pautas e criterios para: a mellora do ensino, a concreción e desenvolvemento dos currículos e a atención á diversidade.

Polo que a evolución dos progresos do alumno deberá ter un carácter continuo, global e formativo tendo en conta a situación inicial do alumnado e atendendo á diversidade de capacidades, actitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe. Tendo tres momentos: inicial, continua ou formativa ou sumativa e final, ademais do progreso no conxunto de áreas.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas serán os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos **estándares de aprendizaxe avaliáveis**. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser

competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

➤ **Áreas: LENGUA e LINGUA:**

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Grao de consecución dos criterios de avaliación establecidos na programación (terase en conta contidos e competencias básicas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión escrita / oral 20% • Comprensión escrita / oral 20% • Aspectos gramaticais / ortográficos 20% 	60%	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais e/ou escritas, gráficas - Observación sistemática - Análise das producións do alumnado - Rúbricas - Reseñas das lecturas - Portfolio - Escalas de valoración descritivas - Exposicións orais
<p>Traballo na aula e hábitos de traballo persoal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presentación tarefas : caligrafía, ortografía básica, limpeza e orde... • Traballo colaborativo: interese por colaborar, respecto, razoamento, búsqueda información... • Participación e constancia no traballo, actitude cara as tarefas, perseverancia no traballo. 	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Análise das producións e procesos - Escalas de valoración descritivas - Rúbricas

<p>Realización do traballo da casa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deberes. • Traballos específicos. 	<p>10%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Asemblea - Diario de aula e escalas de valoración - Análise das producións e procesos - Escalas de valoración descritivas
<p>Valoración de actitudes na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respecto ao traballo dos demais. • Respecto ás normas de aula. • Conducta persoal. 	<p>10%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Asemblea

➤ **Áreas: MATEMÁTICAS, CC.SOCIAIS, CC.NATURAIS:**

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Grao de consecución dos criterios de avaliación establecidos na programación (terase en conta contidos e competencias básicas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión escrita / oral 20% • Comprensión escrita / oral 20% • Aspectos gramaticais / ortográficos 20% 	<p>60%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais e/ou escritas, gráficas - Observación sistemática - Análise das producións do alumnado - Rúbricas - Reseñas das lecturas - Portfolio - Escalas de valoración descritivas - Exposicións orais

<p>Traballo na aula e hábitos de traballo persoal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presentación tarefas : caligrafía, ortografía básica, limpeza e orde... • Traballo colaborativo: interese por colaborar, respecto, razoamento, búsqueda información... • Participación e constancia no traballo, actitude cara as tarefas, perseverancia no traballo. 	<p>20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Análise das producións e procesos - Escalas de valoración descritivas - Rúbricas
<p>Realización do traballo da casa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deberes. • Traballos específicos. 	<p>10%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Asemblea - Diario de aula e escalas de valoración - Análise das producións e procesos - Escalas de valoración descritivas
<p>Valoración de actitudes na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respecto ao traballo dos demais. • Respecto ás normas de aula. • Conducta persoal. 	<p>10%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Asemblea

➤ **Áreas: EDUCACIÓN ARTÍSTICA(PLÁSTICA) :**

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p align="center">Realización e entrega das actividades</p>	<p align="center">50%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Análise das producións e procesos - Portfolio
<p align="center">Creatividade</p>	<p align="center">20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula.
<p align="center">Presentación</p>	<p align="center">10%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Análise das producións e procesos
<p align="center">Traballo / Actitude na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo personal: autonomía, atención, ritmo de traballo, esforzo, interese... • Cumprimento das normas de aula • Coidado do material 	<p align="center">20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Asemblea - Diario de aula e escalas de valoración - Análise das producións e procesos - Escalas de valoración descritivas

➤ **Área: VALORES:**

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Realización e entrega de tarefas e exercicios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presentación tarefas: caligrafía, ortografía básica, limpeza e orde... • Traballo colaborativo: interese por colaborar, respecto, razoamento, búsqueda información... 	50%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Análise das producións e procesos - Portfolio
<p>Participación nos debates e dinámicas</p>	15%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Escalas de valoración descritivas - Rúbricas - Diarios de aula - Rexistros anecdóticos
<p>Traballo cooperativo e colaborativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en grupo • Conduta persoal e grupal • Relacións interpersoais 	15%	<ul style="list-style-type: none"> - Asemblea - Actividades desenvolvidas na aula - Análise das producións e procesos - Cuestionarios - Listas de control
<p>Actitude na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo personal: autonomía, atención, ritmo de traballo, esforzo, interese... • Cumprimento das normas de aula • Coidado do material 	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Observación directa - Cadernos de aula - Actividades desenvolvidas na aula. - Asemblea - Diario de aula - Escalas de valoración descritivas - Análise das producións e procesos - Listas de control

*Se durante unha proba de avaliación hai evidencias de que un alumno copia ou permite copiar a un compañeiro/a, retiraráselle a proba dándoa por finalizada e corríxirase unicamente o que leva feito da mesma, exceptuando a pregunta na que copiou.

Nas sesións de avaliación, os mestres/as avaliaremos os procesos de ensino e a práctica docente en relación co logro dos obxectivos de cada nivel e de etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles ás características do alumnado. Fixarémonos sobre todo se os criterios de avaliación están correctamente definidos e se os estándares de aprendizaxe compren a esixencia de ser medibles e graduables.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado, sobre todo nas áreas instrumentais: lingua galega e castelá e matemáticas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- O aproveitamento do recursos existentes no centro.
- O instrumentos, procedementos, criterios de cualificación empregados na avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres.

RESULTADOS:

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

TERMOS AVALIACIÓN (cualitativo)	CUANTITATIVO
Insuficiente (IN)	1, 2, 3, ou 4

Suficiente (SU)	5
Ben (BE)	6
Notable (NT)	7 ou 8
Sobresaliente (SB)	9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada ácentésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

A nota de educación artística é a media aritmética de música e plástica.

Calificación de alumnos/-as con faltas de asistencia:

Nos casos dos alumnos con faltas de asistencia ocasionais manteranse os criterios xerais detallados arriba. Nos casos dos alumnos absentismo, con faltas de asistencia intermitentes pero constantes, cualificaranse todas as áreas con insuficientes se esas faltas superan o 25% dos días lectivos do trimestre. No caso dos alumnos que, por diferentes causas xustificadas, auséntase do centro por longas tempadas, cualificaranse todas as áreas con insuficiente se a súa ausencia supera o 40% dos días lectivos do trimestre .

En calquera caso, se o alumno se atopa no centro no momento de fixar as cualificacións, poderá realizar unha proba para demostrar que conseguiu os obxectivos programados para o trimestre e que conseguiu as competencias correspondentes.

Promoción:

O alumnado accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

De non ser así, atendendo a nova Orde do 25 de xaneiro do 2022, ao finalizar segundo, cuarto e sexto curso e na avaliación final, o equipo docente do grupo decidirá sobre a promoción do alumnado. Tendo en conta os criterios de promoción e tomando especial consideración o criterio do profesorado titor. **A promoción no resto de cursos da etapa será automática.**

O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación. Non se promociona con dúas materias suspensas de: lingua, lengua ou matemáticas: ou tres materias suspensas.

11. ALUMNADO NEAE (necesidades específicas de apoio educativo)

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

a) Deseño e organización das actividades de recuperación e avaliación:

Realizarase unha avaliación continua para ver a evolución dos contidos e competencias nas avaliacións pendentes e aquelas actividades de recuperación a preparar a fin de que se acaden os obxectivos.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Haberá actividades de reforzo e ampliación para o alumnado con necesidades educativas (específicas de apoio educativo).

No caso do alumnado que non flexibiliza, recibe un plan de apoio centrado en actividades de recuperación utilizando fichas de reforzo e con metodoloxía adaptada, apoio na aula, adaptando tempos de traballo.

Vaise partir do principio de individualización do ensino. Así darase:

- Pautas e orientacións ás familias.
- Contacto con orientación , tanto xefe departamento coma profesorado de apoio para desenvolver as habilidades adecuadas a través de actividades para acadar obxectivos educativos.
- Tarefas de reforzo específicas/xerais para fomentar hábitos de estudo na casa e consolidar aprendizaxes.

b) Actividades de reforzo e recuperación:

Para apoiar ao alumnado que non acada as competencias básicas ou presenta dificultades puntuais de aprendizaxe: reforzo de áreas instrumentais básicas, reforzo e recuperación de aprendizaxes non adquiridos, planes específicos para alumnado que non promocióne de curso.

A través de: actividades en ficha, actividades de xogo, con pizarra dixital, organización ,ordenador...a fin de acadar os obxectivos propostos no curso escolar. As tarefas propostas deseñaranse en colaboración con departamento de orientación, tendo en conta diferentes espazos e tempos adecuados ao alumnado. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Co fin de fomentar o hábito da lectura, incorporación dun tempo diario de lectura.

Actuacións:

- Co alumnado:
 - Actividades de ampliación/reforzo nas áreas instrumentais básicas.
 - Mellorar técnicas e hábitos de estudo.
 - Habilidades sociais.
 - Mellorar mecánica e comprensión lectora.
 - Estratexias motivación do alumno/-a.
 - Estratexias mellora cálculo e resolución de problemas.
 - Acadar adecuada lectoescritura.

- Coa familia:
 - Importancia das tarefas escolares na casa.
 - Implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
 - Estimulación da lectura.

- Medidas metodolóxicas:
 - Adecuación de obxectivos: priorizar, variar temporalización...
 - Organización de contidos
 - Aprendizaxe cooperativo e individualiza
 - Fomento participación alumnado
 - Cambios na secuenciación das aprendizaxes.
 - Combinar diferentes tipos de actividades
 - Elaboración de materiais
 - Ensino titorado
 - Adaptación do ritmo de aprendizaxe,flexibilizar tempos
 - Varias tempos,instrumentos de recollida información
 - Reforzar o relativo a valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.

c) Medidas de atención á diversidade:

A atención á diversidade témolala en conta sempre partindo do que a lei establece, *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria nos centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa

vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos altas capacidades intelectuais, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO E DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE:

Segundo o *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, consideráanse **medidas ordinarias** de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

Por outra banda, considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección

Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de diversificación curricular.
- Programas de cualificación profesional inicial.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupo de adquisición de linguas.
- Grupo de adaptación da competencia curricular.

12. RELACIÓN COS PLANS

a. PLAN LECTOR

A “hora de ler” durará 20 minutos e ocupará a hora lectiva posterior ao recreo.

Á hora de seleccionar lecturas farase cun sistema mixto, é dicir, que se seleccionarán lecturas obrigatorias e estas alternaranse con lecturas libres.

As lecturas obrigatorias pretenden garantir que os alumnos/as lean textos de todo tipo (conto, novela, poesía, teatro, xornal, divulgación,...) para desenvolver correctamente a súa comprensión lectora. A lectura poderá facerse de maneira individual-silenciosa ou en grupo en voz alta. Con respecto ás lecturas libres serán individuais e silenciosas.

As actividades que se leven a cabo na aula serán diversas e servirán para traballar non só aspectos lingüísticos senón de todas as áreas: procura de información, traballos en equipo...Procurar que cada alumno, a partir destas actividades encontre o seu espazo persoal de aprendizaxe.

As actividades serán lúdicas e motivadoras e respectando as idades dos nenos/as, as súas motivacións, intereses e os seus propios ritmos atendendo así á diversidade do alumnado a as necesidades educativas de apoio específico.

b. PLAN TICS

O plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación implica un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

Contamos cun ordenador de aula e tamén cos ordenadores dispoñibles da aula TIC. Os obxectivos para este nivel son:

- Recoñecer o ordenador como un elemento cotián do noso entorno.
- Coñecer e poñer en práctica as normas básicas de funcionamento do ordenador.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Utilizar programas educativos.

- Uso de Internet para procura de información. Utilización dos buscadores máis frecuentes.

c. PLAN DE CONVIVENCIA

Para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia, leváranse a cabo as seguintes propostas:

- Informar e implicar ao alumnado nas normas de convivencia da aula así como das súas consecuencias e correccións. Sempre que se xa posible, se terá en conta a súa opinión.
- Posibilitar o diálogo co alumnado en relación á disciplina e convivencia, empregando o debate e respectando as opinións dos demais.
- Desenvolvemento de habilidades sociais.
- Actuación inmediata ante os problemas de conduta, seguindo as normas recollidas no plan.
- Resolución de conflitos pola vía da mediación.
- Informar ás familias no relacionado coa convivencia escolar.

d. PROXECTO LINGÜÍSTICO

En relación ao proxecto lingüístico, a nosa programación encamiñárase a:

- Utilizar o galego como a lingua vehicular habitual e preferente na vida escolar.
- Promover a lectura de autores galegos a través das súas obras como lectura recomendada na casa e no colexio.

Programar actividades relacionadas coas distintas conmemoracións tradicionais facendo uso do galego: magosto, Entroido, Nadal, letras galegas... Estas actividades programáranse no seu momento de acordo cos equipos de dinamización da lingua galega, biblioteca e actividades

extraescolares e figurarán na PXA.

- En coordinación co equipo de TICS, biblioteca e normalización actualizar e renovar todo tipo de material en galego: libros, programas informáticos, cds... e facilitar e promover o seu uso polos alumnos/as.
- Introducir a obra de artistas galegos: artes plásticas, música... como recurso nas actividades da clase.

e. **PROXECTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

A educación non se realiza exclusivamente dentro da aula, realizaranse actividades complementarias e/ou extraescolares, tanto de saídas como de participación doutras persoas na aula. Para iso teremos en conta as conmemoracións, moitas delas recollidas na *Orde do 20 de maio do 2022, pola que se recolle o calendario escolar en Galicia para o curso 2022/2023*.

1º Trimestre:

- **Samaín/Halloween:** cabazas centro, adornos aula, conto, xogos...
- **Magosto:** castañas, actividades estación...
- **Día Universal da Infancia:** coñecemento dos dereitos dos nenos, xogos sobre a súa importancia...
- **Día Internacional contra Violencia de Xénero:** contos , diálogo...
- **Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia:** que é, diálogo sobre dereitos e deberes , ...

- **Día Internacional das Persoas con Discapacidade:** comunicación/accesibilidade...
- **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos**
- **Nadal:** festival , adornos de Nadal , ...

2º Trimestre:

- **Día Escolar da non Violencia e da Paz:** actividades interculturais , ...
- **Día de Rosalía:** lectura poema autora , actividades sobre ela..
- **Entroido:** máscaras, actividade grupal disfraz ...
- **Día Internacional da Muller**
- **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor**
- **Semana da prensa:** actividades con xornal , escoller unha noticia e chuvia de ideas.

3ª Trimestre:

- **Día Mundial da Saúde:** hábitos de hixiene, saúde...
- **Semana do Libro:** lectura dun libro adicado a temática...
- **Día de Europa**
- **Letras Galegas:** actividades adicadas ao escritor (lectura , debuxo dun cartel , actividade web...)

- **Día Mundial do Medio Ambiente:** reciclaxe , as árbores ,a contaminación...

- **Festa Fin de curso:** diversas actividades en horario lectivo : canción , teatro...

Ademais das programadas, posiblemente xurdan novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións.

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais atópanse recollidos no artigo 11, capítulo I do Decreto 105/2014 , polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

“Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas”.

Todas as áreas traballarán:

- ✓ Atención á diversidade: calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e nondiscriminación por razón de discapacidade.
- ✓ Igualdade entre homes e mulleres, e non discriminación entre persoas. Prevención e resolución pacífica de conflitos. Fomento do respecto dos dereitos humanos, pluralismo e democracia. Prevención da violencia de calquera tipo: de xénero, terrorista, xenófoba...
- ✓ Incorporación contidos curriculares sobre: desenvolvemento sostible e o medio ambiente, explotación, risco TICs, protección

emerxencias...

- ✓ Incorporación de elementos curriculares para o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e fomento de actividades para isobaseadas en creatividade, autonomía, iniciativa e traballo en equipo.
- ✓ Fomento da actividade física e deportiva diaria, dunha dieta equilibrada, favorecendo vida activa, saudable e autónoma.
- ✓ Fomento da educación e a seguridade vial. Coñecemento e respecto das normas, favorecendo a convivencia.

Formulación detallada:

- **Comprensión lectora:** un dos grandes obxectivos que orienta todas as áreas de Educación Primaria. Abórdase dende: a importancia da lectura para o estudo, autonomía no traballo(desenvolver habilidades de velocidade lectora, comprensión literal, comprensión inferencial e estrutural e capacidades para reelaboración da información),textos sobre os que aprenden. Destrezas básicas que aporta: recoñecemento de tempo/lugar, identificación/análise personaxes, recoñecemento acción, expresión opinións persoais, identificación tema/idea principal, análise estrutura texto, interpretación da información visual, organización información aportada, identificación detalles do texto.
- **Expresión oral/escrita:** situacións de intercambio comunicativo, forma/modo expresión, explicación de coñecementos, expresión de opinións, definición de conceptos. Escritura: coidado, presentación, letra clara, revisión ,comezar maiúscula, rematar con punto, borrador, limpeza, organización...
- **Comunicación audiovisual:** variedade de recursos que busquen comprender/recoller información do soporte audiovisual, analizar dita información e elementos de contido, elaborar información.

- **Tecnoloxías da Información e a Comunicación:** información (identificar, localizar, recuperar, organizar, analizar, avaliar finalidade), comunicación (conciencia intercultural, participar, interactuar),seguridade (protección persoal, uso seguro e sostible),resolución de problemas(identificar necesidades e recursos dixitais, resolver problemas a través dos medios dixitais, uso creativo da tecnoloxía...).
- **Emprendemento:** coñecemento (recoñecer actividades profesionais, comprensión de organización sociedade), destrezas (análise, planificación, sociedade, toma de decisións, resolución de problemas, participación,...), actitudes e valores (autoestima, autonomía, actuar de forma creadora, interés, esforzo, iniciativa...). Actividades de chuvia de ideas, traballo en grupo...
- **Educación cívica e constitucional:** capacitar para construír autoconcepción axustada, boa autoestima, empatía, respecto, tolerancia, cooperación...Hábitos:saúdo, despedida, hixiene...Manifestar interese por escoitar, comprender, informarse e poder participar posteriormente en conversas, debates e mesas redondas, respectando a quenda de palabra e valorando as ideas e as intervencións dos outros. Implicarse activamente nos diálogos e adoptar unha actitude dialogante nas situacións cotiás que o requiren.
- **Traballo cooperativo:** actividades para poñer en xogo ideas, coñecementos e actitudes para alcanzar un obxectivo de análise de situacións reais.
- **Educación en valores:** coñecer / valorar á persoa polas súas características, posibilidades, limitacións; actuar con liberdade e autonomía correspondentes á súa idade en situacións diarias; respectar liberdade/autonomía dos demais; responsabilidade; comportamentos honestidade...; colaboración; pertenza sociedade; tolerancia;...
- **Educación para a paz:** Respetar a diversidade lingüística ,coñecer e valorar as variedades dialectais da lingua galega, valoración das tradiciónse os costumes doutros países como riqueza.
- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Conseguir unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas e rexeitar calquera tipo dediscriminación por razón de sexo.

- **Educación para a saúde:** Actuar con autonomía nas actividades cotiás e nas relacións de grupo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan.
- **Educación ambiental:** Servirse das competencias orais e escritas adquiridas para valorar criticamente a propia contorna e interesarse por respectala e melloralala, coñecer os problemas principais que se producen no ambiente e reflexionar sobre as súas posibles solucións coa axuda da linguaxe. Respectar os seres vivos.

Todos estes temas transversais veñen implícitos nas unidades didácticas desenvolvidas na programación didáctica (tamén no libro de texto utilizado como recurso). Ao mesmo tempo trataranse algúns mediante actividades extraescolares e complementarias para sensibilizar e fomentar estes aspectos vinculados a elementos de carácter transversal.

Nas diferentes unidades de educación primaria atópanse: educación vial, comprensión lectora , expresión oral/escrita , recursos TIC (incluíndo blogue de aula), igualdade , resolución de conflitos(traballando tamén resolución de problemas) , pluralidade , medio ambiente , espírito emprendedor ,

Ao mesmo tempo a metodoloxía desenvolvida na aula educa en valores , por exemplo utilizando contos de valores (en diversos formatos: texto , dixital , debuxo ...) ou traballando normas e comportamentos na aula , consensuados. Aproveitaranse momentos e celebracións puntuais ao longo do curso para tratar estes valores.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

No proceso de avaliación non só se avalía o progreso dos/-as alumnos/-as senón tamén a nosa práctica docente, da que avaliaremos

seguinte os seguintes indicadores de logro:

Ítem	4	3	2	1
Xenerais				
Grao de cumprimento dos criterios e estándares de avaliación.				
Adecuación dos contidos e actividades aos criterios e estándares de avaliación.				
Adecuación dos criterios e estándares de avaliación a cada unidade.				
Adaptación dos contidos e actividades ás características do alumnado.				
Relación entre os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.				
Desenvolvemento das competencias clave.				
Congruencia entre os elementos do currículo.				
Adecuación á metodoloxía.				
Uso de diferentes instrumentos e procedementos de avaliación.				
Motivación	4	3	2	1
Fomento da participación activa de todo o alumnado.				
Implicación do profesorado nas sesións.				
Consideración das experiencias e intereses do alumnado.				
Respectar e potenciar a iniciativa do alumnado.				
Actividades	4	3	2	1
As sesións están programadas seguindo unha orde lóxica e progresiva.				
O alumnado comprende as tarefas que debe realizar.				

Incorporáronse as medidas adecuadas para atender á diversidade.				
Satisfacción do alumnado con respecto ás lecturas do Proxecto Lector.				
Funcionalidade das actividades complementarias e extraescolares.				
Relación entre as actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.				
Realización de actividades e tarefas integradas.				
Recursos e organización	4	3	2	1
Superación das variables non controlables que condicionan a práctica educativa.				
Adecuación dos diferentes agrupamentos en función da tarefa a realizar e dos recursos dispoñibles.				
Uso de diferentes materiais e recursos.				
Clima da aula	4	3	2	1
Fomento do respecto e colaboración entre o alumnado, aceptando as súas propostas e aportacións.				
Respecto das normas de convivencia.				
Colaboración	4	3	2	1
Foméntase a colaboración entre o alumnado, profesorado e as familias.				
Colaboración con outras institucións educativas externas ao centro.				
Seguimento do proceso de ensinanza - aprendizaxe	4	3	2	1
Manifestación de interese cara o alumnado e a súa aprendizaxe.				
Realización dun seguimento activo do alumnado e o seu progreso.				
Propostas de autoavaliación, tanto do alumnado como do profesorado.				
En caso da no adquisición dos contidos, propóñense diferentes vías para adquirir os obxectivos.				

Observacións

Tamén establécese a recollida permanente de ideas e suxerencias sobre calquera aspecto da mesma por parte de :

- Alumnado.
- Familias que forman parte da comunidade educativa.
- Profesorado que participa directamente na aula.
- Equipo directivo CEIP
- Profesorado CEIP
- Outras persoas que queiran aportar na elaboración desta programación e do seu desenvolvemento na aula.

Todas estas ideas e suxerencias serán tidas en conta para mellorar cando se estima necesario.

Ao final de cada trimestre, revisarase a programación e valorárase para facer as modificacións e adaptacións necesarias , mantendo sempre o proceso continuo de revisión e valoración (citado anteriormente , no principio do apartado) cando se desenvolva algunha das actividades e estratexias .

Ademais tamén pasarémolle un cuestionario doado ao alumnado para que poida avaliar a nosa práctica docente:

Ítem				
------	---	---	---	---

As <u>tarefas</u> de clase foron <u>divertidas</u> .				
As <u>actividades</u> que realizamos parecéronme <u>útiles</u> .				
Aprendín e me gustaron as <u>lecturas</u> .				
Os compañeiros/as del grupo facilitáronme as aprendizaxes.				
A profesora <u>explica moi bien</u> os contidos e as actividades.				
A profesora <u>escoita</u> con atención todas as <u>dúbdias</u> e as resolve claramente.				
Os <u>materiais</u> e as <u>tarefas</u> son <u>variadas</u> e motivadoras.				
¿ <u>Canto</u> consideras que <u>aprendiches</u> neste trimestre/actividade?				
A continuación podes escribir o que queiras destacar da profe				